



Estimadas familias:

- Lamentamos moito ter que comunicar que as ANPAS de Ames **acordamos iniciar este curso sen actividades extraescolares**, debido a actual situación de emerxencia sanitaria.
- Esta decisión afectará **ao primeiro trimestre deste curso**, para despois revisar a súa continuidade en función da situación.

As ANPAS dos centros educativos públicos CEIP A Maia, CEIP Agro do Muiño, CEIP Barouta, EEI Milladoiro e CEP de Ventín, pertencentes ao concello de Ames, veñen de tomar a decisión de iniciar o curso académico 2020-2021 sen organizar as actividades extraescolares das que se viñan ocupando tradicionalmente en cada un dos seus centros.

A decisión **adoptouse por unanimidade** tendo en consideración a situación sanitaria actual e a complexidade e dificultade de acometer os protocolos de prevención e desenvolvemento de actividades grupais necesarios e de obrigado cumprimento diante da pandemia COVID-19, que garantiran a seguridade dos participantes nas mesmas.

Queremos destacar **as esixencias e a falta de apoio da Consellería de Educación** ás ANPAS, condicionando a realización das actividades extraescolares á elaboración de cada ANPA dun protocolo propio que formaría parte do “Plan de adaptación á situación COVID-19 no curso 2020/2021” e que debería ser aprobado polo centro. As ANPAS **non contamos cos coñecementos nin co persoal técnico apropiado** para desenvolver esta tarefa e a Consellería de Educación nin sequera puxo á nosa disposición un modelo de protocolo ao que poder acollernos. Esta **delegación total de competencias da Consellería nas ANPAS e nos centros educativos da elaboración e da aprobación destes plans parécenos unha irresponsabilidade** e as ANPAS non estamos dispostas a asumir esta función que claramente compete á Xunta de Galicia.

Por isto, o curso 2020-21 iniciarase sen estas actividades, aínda que se fará un **seguimento activo da situación** no transcurso do primeiro trimestre e as ANPAS revisaremos esta decisión, valorando o desenvolvemento da actividade escolar e da vida en xeral nos vindeiros meses. **Lamentamos ter que tomar esta decisión que agardamos contribúa a reducir riscos** neste inicio de curso, que consideramos que tiña que ter sido **organizado con máis tempo e de forma coordinada, contando coas necesidades e demandas das familias e da comunidade educativa en xeral.**

As ANPAS acordamos difundir esta decisión entre as familias dos diferentes centros, así como ao conxunto da comunidade educativa, ás direccións e ao Departamento de Educación do Concello de Ames.

Lembrámosvos que as ANPAS estamos para apoiaros e axudaros en todo o que poidamos.

Apertas

Ames, 7 de setembro de 2020